

POLÍTICA DE PRIVACIDADE DE CLIENTES/USUARIOS
VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U

VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U., desexa informarte do tratamento que realiza dos datos persoais que facilitas dun xeito breve, sinxelo e claro. Para iso, pon á túa disposición un resumo da súa Política de privacidade, cuxo texto completo, adaptado á nova normativa de protección de datos, pode ser consultado en <https://www.viaqua.gal/gl/proteccion-de-datos>.

Responsable do tratamento	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. (en diante VIAQUA), con domicilio en Santiago de Compostela, Rúa do Vilar nº 18, 2º piso
Delegado de Protección de Datos	<ul style="list-style-type: none">• <u>Correo electrónico</u>: dpo.es@suez.com• <u>Correo postal</u>: Passeig de la Zona Franca, 48, planta 6, (08038) Barcelona, á atención da Delegada de Protección de Datos de VIAQUA• O Delegado de Protección de Datos (“DPO”) de VIAQUA está á túa disposición para resolver calquera dúbida en relación co tratamento que realizamos dos teus datos persoais

<p>Finalidades do tratamento</p>	<p><u>Visitantes da páxina web</u></p> <p>Se visitas a nosa web sen ser cliente noso, recolleremos os datos que nos facilites voluntariamente a través dos distintos formularios / correos electrónicos de contacto coa finalidade de atender a petición ou consulta que realices. Recorda que a nosa páxina web utiliza cookies (consulta a Política de cookies: http://www.viaqua.gal/gl/cookies).</p> <p><u>Cientes e usuarios da Oficina Virtual</u></p> <p>Ademais de coas finalidades anteriores, se es cliente/usuario da Oficina Virtual, poderemos utilizar os teus datos para:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Subministrar o servizo de auga e demais servizos que contrataras. • Tramitar e solucionar posibles incidencias que se produzan na subministración de auga e demais servizos contratados. • Atender as solicitudes que Vde. voluntariamente nos efectúe (entre outras, reclamacións, consultas de dúbidas, chamadas de emerxencia, etc.). • Facilitarche información sobre o teu consumo de auga. • Realizar estudos estatísticos e/ou enquisas relacionadas coa subministración de auga mentres dure o teu contrato. • Xestionar o acceso e utilización da Oficina Virtual. • Realizar enquisas non relacionadas co servizo para coñecer a percepción que tes sobre VIAQUA e sobre o Grupo SUEZ mentres dure o teu contrato e sempre que nos outorgues o teu consentimento. • Remitirche información comercial relativa á actividade que desenvolvemos e aos eventos que organizamos, ou que organizan terceiros en relación coa xestión do servizo que fornece VIAQUA, sempre que nos outorgues o teu consentimento. • Elaboración dun perfil sobre ti mediante a realización dun seguimento continuo do teu consumo de auga, así como utilizar outros datos que nos facilitaras, para che ofrecer promocións e servizos personalizados relacionados co sector da auga, mentres disfrutes de tal servizo e sempre que nos outorgues o teu consentimento.
<p>Lexitimación do tratamento</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A existencia dun contrato asinado contigo. • A normativa reguladora do servizo de abastecemento de auga potable, na medida en que nos atribúe determinadas funcións e obrigas que implican necesariamente o tratamento dos teus datos persoais. • Interese lexítimo da compañía en detectar fugas, fraudes, balance hidráulico e estudos estatísticos para a mellora do servizo ou deseño de novas funcionalidades. • O teu consentimento para tratamentos opcionais non relacionados directamente cos servizos que recibes.
<p>Destinatarios da información</p>	<ul style="list-style-type: none"> • VIAQUA conta con varios provedores que a asisten na execución dos servizos contratados. • Os teus datos poderán ser cedidos a entidades locais con competencia na materia.
<p>Os seus dereitos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Podes acceder aos teus datos, solicitar que se modifiquen ou supriman, exercer o dereito á portabilidade, opoñerte a que realicemos perfís de usuario coa túa información persoal ou pedir que limitemos o tratamento no xeito que explicamos na Política de privacidade https://www.viaqua.gal/gl/proteccion-de-datos. • Recorda que o consentimento que prestas para tratar os teus datos con fins adicionais (por exemplo, envío de publicidade) é sempre revogable.